Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2018 11:50:49



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34096**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López sobre, **“a consideración polo Goberno galego da aplicación do procedemento arbitrado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o servizo de cafeterías escolares”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 34093, debatida na Comisión 4ª de data 05/10/2018; e á que nos remitimos porque se deu conta do procedemento seguido para dar seguridade xurídica e garantir o bo funcionamento das cafeterías escolares.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-10-05?part=9e7ccf70-9d45-40e1-b457-bf150e946a35&start=100>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/11/2018 9:27:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40588
Data envío: 20/11/2018 14:17:42.367

Data 20/11/2018 14:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35748**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a xustificación do Goberno galego para non dotar o Sergas dos medios suficientes para a prestación da asistencia sanitaria e recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos nel por medio de concertos coa sanidade privada”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á solicitude de comparecencia n.º 28514 que tivo lugar no pleno do 10 de abril de 2018, na que informou do asunto de referencia, mais doutras cuestións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 14:17:27



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40586
Data envío: 20/11/2018 14:17:23.773

Data 20/11/2018 14:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35902**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á modificación da política de contratación do Sergas para garantir unhas condicións laborais dignas eliminando a precariedade laboral, o arranxo das deficiencias denunciadas na Atención Primaria e o incremento do persoal nos puntos de atención continuada, así como o plan de actuación que vai desenvolver para o mantemento da calidade asistencial nela e as liñas de actuación que se van seguir para a cobertura das baixas e vacacións”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 34414 na que este fixo unha exposición xeral do funcionamento dos PACs.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 14:17:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 11:54
Nº Rexistro: 40537
Data envío: 20/11/2018 11:54:10.866

Data 20/11/2018 11:54

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36117**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a sentenza xudicial referida á actuación da Xunta de Galicia en relación cun caso de acoso escolar en Narón, a demanda da familia de adopción de medidas cautelares e previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 36115, e debatida na Comisión 4ª de data 27/09/2018, á que nos remitimos porque se deu conta do acontecido neste caso.

O debate pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2018-09-27?part=2ff17a4f-c01f-4138-9dfd-7493c626f4d2&start=1167>.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 90f53083-cae1-42e3-0f35-6d59a3c57ad7



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 11:54:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36459**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto das modificacións puntuais do planeamento urbanístico dos concellos que responden exclusivamente a intereses privados e a súa valoración en relación coas intencións do Real Club Celta de Vigo e do Concello de Mos de recualificar terreos de especial protección forestal para construír un centro comercial na parroquia de Tameiga”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Conforme ao establecido no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

No artigo 51.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establécese que a formulación do planeamento urbanístico é una competencia municipal, fixando no artigo 60.15 a competencia autonómica en comprobar: a integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan; a conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural; a coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio; e a incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

En canto ás afeccións sectoriais concorrentes, de conformidade co establecido no artigo 60.4, 60.7 e 60.8 da mesma Lei 2/2016, na tramitación dos instrumentos de planeamento exíxese o informe favorable previo dos órganos que ostenten as competencias correspondentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 11:53:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 12:00
Nº Rexistro: 40389
Data envío: 16/11/2018 12:00:42.660

Data 16/11/2018 12:00

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36823**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente en relación co aumento dos ataques do lobo á gandería, a indemnización dos danos ocasionados e as axudas para implantación de medidas preventivas e a súa opinión referida á actual situación de convivencia entre a fauna salvaxe e os profesionais agrogandeiros, así como as medidas adoptadas e previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego é consciente dos problemas ocasionados polo lobo nos últimos anos e por isto tense posto en marcha un amplo paquete de medidas desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para intentar diminuír estas posibles afeccións.

En Galicia, o lobo está clasificada como especie cinexética e dispón dun Plan de xestión aprobado en 2008, polo que a xestión da especie debe coordinar ambos aspectos.

Por iso, optouse por unha xestión da especie que permita acadar o obxectivo de manter unha poboación viable de lobos dentro dun marco de coexistencia co mundo rural e compatible coas actividades agropecuarias, contribuíndo á conservación das súas poboacións. Para isto, dentro do desenvolvemento do plan de xestión establécense as medidas tanto de prevención como de compensación dos danos que ocasiona esta especie á gandería.

A través da orde de axudas de decembro de 2017, pola que se estableceron as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocaron para o

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 448ef758-9638-dc16-82b5-69b988935fa3

ano 2018, consignouse un crédito de preto de 300.000 euros. Isto fixo posible que xa se teñan abonado ata o momento 262 solicitudes de axuda correspondentes a este ano.

Neste punto, cómpre destacar o enorme esforzo económico realizado nos últimos 3 anos, nos que o investimento foi de preto de 1,1 millóns de euros.

No relativo ás axudas para adquisición de cans protectores, a orde foi publicada en agosto de agosto de 2017 e as primeiras resolucións de concesión destas axudas foron emitidas a finais de novembro. Polo que se considera que os beneficiarios dispuxeron de tempo suficiente para a adquisición de calquera elemento para a prevención de danos ocasionados por algunhas especies de fauna silvestre dos incluídos na orde, así como para estar en disposición da xustificación documental da súa adquisición dentro dos prazos establecidos na resolución de concesión da axuda (tendo en conta que se subvencionaba a adquisición de diferentes medidas de prevención de danos, sempre que esta adquisición se fixera con posterioridade á publicación da citada orde).

Por último, cómpre lembrar que a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda anunciou na comparecencia de Orzamentos para 2019, que o vindeiro ano se habilitarán máis de 1,4 millóns de euros en axudas para paliar e previr os danos ocasionados pola fauna. No caso do lobo, destinaranse a estas axudas un total de 350.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2018 12:00:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2018 12:00
Nº Rexistro: 40388
Data envío: 16/11/2018 12:00:21.691

Data 16/11/2018 11:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a aplicación polo Goberno galego na actualidade do plan de erradicación e control da cortadora ou herba da Pampa en Galicia, se é o caso, os seus resultados e a remisión aos concellos, en particular á Alcaldía de Sanxenxo, do folleto da Consellería do Medio Rural con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación, así como o coñecemento da situación do polígono de Nantes, asolagado por esa especie”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os esforzos desenvolvidos desde a Xunta de Galicia en relación á erradicación desta especie invasora estase dirixindo cara a contención local e a protección dos sitios prioritarios para a conservación de especies principalmente a Rede Natura 2000. E sempre con base na priorización definida no sistema de análises de riscos do plan estratéxico de xestión de especies invasoras en Galicia.

Concretamente, no concello de Sanxenxo priorizáronse as actuacións en zonas da Rede Natura 2000 situadas na praia da Lanzada, Punta de Lapa, nas praias de Major e As Pociñas. Nestes puntos tense actuado sobre máis de 300 exemplares desta especie.

Con respecto ao folleto do que se fai referencia na iniciativa, cómpre subliñar que se trata dun tríptico informativo accesible ao público xeral desde 2016 a través da páxina web da

páxina 1 de 2

Consellería de Medio Rural. Este documento é unha ferramenta complementaria nas tarefas de contención do avance desta especie, principalmente no eido forestal, e forma parte da estratexia de información e divulgación na loita fronte ás especies invasoras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2018 12:00:04



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 11:53
Nº Rexistro: 40534
Data envío: 20/11/2018 11:53:32.303

Data 20/11/2018 11:53

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37890**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre o 26 de setembro e o 1 de outubro de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Para o Goberno galego é unha prioridade a mellora da mobilidade ferroviaria no noso territorio, eficiente e sustentable, como así o vén demandando ante o Goberno central, que é quen ten a competencia en transporte ferroviario. En particular, desde o Goberno galego vense insistindo ante o Ministerio de Fomento na necesidade de que se garanta aos cidadáns un servizo continuo e competitivo na liña de ancho métrico ao seu paso por Galicia, solicitando tanto a Renfe como a ADIF os medios necesarios para evitar incidencias nesta liña e garantir que os veciños teñan uns servizos ferroviarios adaptados ás súas necesidades.

Na última Comisión de Seguimento na que se reuniu o grupo de traballo co obxecto de abordar a situación do ferrocarril de vía estreita na liña Ferrol–Ribadeo acordáronse uns novos horarios, cuxa implantación depende da autorización do Ministerio de Fomento.

Desde a Xunta tense solicitado en repetidas ocasións a Renfe que priorice os labores do Plan de mantemento dos trens adscritos a este servizo para que a súa remodelación e

páxina 1 de 2

actualización finalice canto antes; e a ADIF que axilice os tramites para realización efectiva dos investimentos que ten comprometidos para a mellora desta liña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 11:53:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37985**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á transferencia de crédito TR-07-038-18 por importe de 359.000 euros levada a cabo nos orzamentos da Consellería do Medio Rural, para afrontar o pagamento de 100.000 euros pola estimación dun recurso de reposición”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A transferencia de crédito á que se fai referencia na iniciativa solicitouse co obxecto de facer fronte a recursos de reposición presentados por particulares e estimados favorablemente no marco de dúas ordes de axudas:

- a Orde do 27 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2016 e 2017 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos parques naturais de Galicia.
- Orde do 27 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2016 e 2017 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2018 11:59:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:26
Nº Rexistro: 40667

Data envío: 21/11/2018 13:26:27.655

Data 21/11/2018 13:26

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38078**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a valoración do Goberno galego en relación cos avances producidos na mellora da implantación do xadrez, como materia, na Educación Secundaria, de acordo coa Orde do 15 de xullo de 2015, as accións formativas desenvolvidas para dotar ao colectivo docente dos recursos necesarios para a formación do alumnado, así como os obxectivos previstos nese eido para os próximos anos e as actuacións que se vai levar a cabo para a súa consecución”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 38077 debatida na Comisión 4ª de data 15/11/2018 e á que nos remitimos por ter servido para analizar a implantación do xadrez nas aulas galegas desde unha perspectiva educativa e pedagóxica.

O debate pode consultarse no enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-11-15?part=edbbf28d-4054-4891-b58d-385d271f357a&start=4060>

Ademais, pode complementarse coa consulta ao enlace:

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/35300/mais-60-centros-introducen-xadrez-nas-aulas-unha-materia-que-fomenta-capacidade>.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/11/2018 13:26:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38099**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno respecto do cumprimento do compromiso da anterior conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de asumir o 35% do investimento necesario para a creación da primeira vía verde ferroviaria entre Vilagarcía de Arousa e Portas, na provincia de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mantivo o pasado 9 de novembro unha reunión cos alcaldes de Portas, Vilagarcía de Arousa e Caldas de Reis na que avanzou que a Xunta colaborará na posta en marcha da denominada Vía Verde do Salnés, e na que solicitou a participación da Deputación de Pontevedra.

Esta colaboración levarase a cabo a través da sinatura dun convenio no que se establezan os termos nos que se executará este proxecto e as administracións que participarán.

Con respecto ao custo do proxecto e á cantidade que achegará a Xunta de Galicia, esta será definida tamén no citado convenio de colaboración entre as partes asinantes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/11/2018 11:58:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40585
Data envío: 20/11/2018 14:17:15.273

Data 20/11/2018 14:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38769**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver os problemas que están a padecer os traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús entre Ribadeo e Viveiro que deberían ser subrogados pola nova adxudicataria”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta traballou, moito máis aló do que son as súas obrigas legais e desde un primeiro momento, para impedir que a posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia derivase nunha situación de desemprego para ningún traballador do sector. Para iso asinou un acordo cos sindicatos con maior representatividade no sector que contén cláusulas de referencia a nivel estatal, que blindan a estabilidade laboral na posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia. O compromiso do Goberno galego neste sentido foi total e absoluto; tanto, que incluíu como causa de resolución contractual o incumprimento destas cláusulas sociais.

Cómpre subliñar que, con carácter xeral, o proceso de subrogación de traballadores se ten levado a cabo con normalidade na inmensa maioría dos 41 novos contratos de transporte público, agás o caso que se menciona na iniciativa.

A este respecto, sinalar que a Xunta ten realizado un intenso traballo desde o primeiro día en que se tivo constancia do problema coa subrogación dos traballadores da empresa saínte, Arriva, na entrante UTE Morán-Rodríguez.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 8fbd1d22-9c26-8369-d158-0319eff41923

Cinco destes traballadores foron contratados pola UTE e están actualmente adscritos ao contrato XG533. No caso dos outros traballadores afectados, a Xunta de Galicia púxose en contacto co INEM e mediou buscando unha vía para que puideran cobrar a prestación por desemprego e puideran estar dados de alta na Seguridade Social mentres non se resolvese o expediente.

O pasado 22 de decembro firmouse un acordo entre a empresa ARRIVA e os sindicatos UGT e CIG, polo que seis dos traballadores foron readmitidos nesta empresa. Deste xeito está pendente a solución a tres traballadores que recorreron á vía xudicial.

Como se ten dito, o compromiso do Goberno galego neste sentido foi total e absoluto, incluíndo como causa de resolución contractual o incumprimento das cláusulas sociais. Por iso, e logo de que a Comisión de Seguimento do Plan de transporte público de Galicia celebrada o día 24 de xullo de 2018 reafirmase o seu compromiso cos dereitos dos traballadores do sector e acordase continuar co proceso de resolución do contrato de servizos da Mariña lucense, o 10 de agosto de 2018 a Dirección Xeral de Mobilidade, acordou a resolución do contrato 'XG-533 a Mariña, Viveiro, Ribadeo, con Anexos', por incumprimento das obrigas de adscrición e subrogación de persoal."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 14:16:55



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2018 11:52
Nº Rexistro: 40532
Data envío: 20/11/2018 11:52:57.397

Data 20/11/2018 11:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39400**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra no concurso de traslados de 2016”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“A información que reclama esta iniciativa foi ofrecida en reiteradas ocasións na Cámara galega.

En concreto, en resposta oral ás preguntas con número 39471 e 39480, que foron debatidas no Pleno da Cámara galega de data 06/11/2018; ás que nos remitimos, xa que nelas se deu conta do respecto á sentenza e, tamén, da decisión da Xunta de exercer o seu dereito a recurso.

Pode consultarse a información no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?
part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=13737](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=13737)

Asemade, volveuse dar resposta oral á pregunta con número 39401 e debatida na Comisión 4ª de data 15/11/2018; á que nos remitimos, xa que afondou na explicación en termos xurídicos que motiva o recurso.

páxina 1 de 2

Pode consultarse a resposta no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-11-15?part=edbbf28d-4054-4891-b58d-385d271f357a&start=6813>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/11/2018 11:52:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39716**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ao peche do centro da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home na cidade de Lugo, as actuacións previstas para garantir a continuidade dos proxectos de iniciativa social consolidados que prestan servizos de xeito descentralizado co fin de evitar a derivación das persoas usuarias a outras provincias, así como para fiscalizar o cumprimento da lexislación polas institucións e entidades de iniciativa social que perciben subvencións ou recursos públicos, e os datos referidos aos recursos asistenciais de trastornos aditivos existentes na provincia”**, (publicada no BOPG número 384 do 15 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 6.11.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 39479 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario .

Pode consultarse tal resposta no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?
part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=16619](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-11-07?part=d35991c9-ce7a-4a15-97df-b6346cfd2c0a&start=16619)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/11/2018 11:49:56

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727